

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE CONVOCADO PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES.

Sendo as 13:30 horas do día 23 de novembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197, 3º andar), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- Don José Reigosa García, Xefe do Parque Móbil municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora, da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do Sr. Secretario a dar lectura do informe do Negociado de Rexistro do día 23 de marzo de 2015 no que se pon de manifesto que á presente licitación non se presentou ningunha plica.

Á vista do exposto a Mesa de Contratación propón declarar deserto o presente procedemento, solicitarlle ao Xefe do Parque Móbil que fixe un novo prezo dos vehículos e proceder a unir os mesmos ao expediente xa iniciado para a venda de vehículos existentes no depósito municipal, para o seu alleamento de maneira conxunta.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz

